

## Pensión Residencia Rosa Rosae

R/ La Rosa, 7

15702 Santiago de Compostela (A Coruña)

Teléfono: 981 528 300

E-mail: [info@rosarosae.es](mailto:info@rosarosae.es)

Web: [www.rosarosae.es](http://www.rosarosae.es)

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A Pensión está en rúa chaira con beirarrúas amplas e despexadas de obstáculos.

#### Acceso

- A entrada accesible é por unha porta que deriva en corredor, onde se encontra o ascensor, que comunica as diferentes plantas.
- Chégase á porta por unha rampla de dous tramos alternativa os 4 chanzos existentes de **19 cm** de altura.
- A rampla ten dous tramos: o primeiro mide **2 m** de longo por **1 m** de ancho e o segundo de **1,15 m** de ancho por **4 m** de longo. A pendente de ambos os dous é do **12%** e dispón de pasamáns.

#### Vestíbulo e recepción

- A recepción encóntrase na planta **-1** e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- O mostrador de atención ao público ten unha altura de **1,13 m**, non adaptado para usuarios de cadeira de rodas.

#### Cuarto Adaptado (Nº 205)

- N.º cuartos adaptados: **1**. Está na **2ª** planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada mide **82 cm** de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de **1,50 m** de diámetro para facer un xiro de **360°** coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de **2 m**.
- Hai dúas camas individuais unidas a unha altura de **50 cm** e accédese a estas polo lado dereito por un espazo de **2,90 m** de ancho e polo lado esquerdo por un de **60 cm**.
- As portas dos armarios son corredizas. Os andeis e caixóns están situadas a unha altura entre **10 e 40 cm**. O percheiro está a **1,70 m**.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a fóra e mide **81 cm** de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **1,50 m** de ancho pola fronte. O asento está a unha altura de **41 cm** e o mecanismo de descarga a **71 cm**.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito a **83 cm** de altura.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **68 cm** de alto e **51 cm** de fondo. A billa é monomando.

- A altura do bordo inferior do espello é de **1,22 m** e está inclinado, o resto dos accesorios do baño están colocados a unha altura media de **85 cm**.

#### *Ducha*

- A ducha ten un espazo libre de aproximación de **1,30 m** de ancho. Ten biombo abatible.
- O chan da ducha está ao mesmo nivel que o do resto do cuarto de baño e é de madeira.
- A ducha dispón dunha barra de apoio horizontal en parede lateral á das billas e está colocada a **82 cm** de altura. Dispón doutra vertical na parede das billas que van dende os **1,17 aos 1,70 m** de altura.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de **1,23 m**. A alcachofa está suxeita nun soporte á altura das billas.

#### **Aseo adaptado en zona común**

- O hotel conta con **1** aseo adaptado en zona común, situado na planta **-1** e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- É unha cabina independente do resto, sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta abre cara a fóra e mide **83 cm** de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro moi escaso.

#### *Inodoro*

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento pola fronte de **60 cm** e polo lado dereito de **80 cm**. O asento está situado a unha altura de **41 cm** e o mecanismo de descarga a **75 cm**.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito e unha fixa no esquerdo, situadas a **80 cm** de altura e cunha separación entre ambas as dúas de **80 cm**.

#### *Lavabo*

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **69 cm** de alto e **52 cm** de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de **90 cm** e o resto dos accesorios do aseo están a unha altura media de **98 cm**.

## **ACCESIBILIDADE VISUAL**

### **Acceso**

- A entrada principal ten **4** chanzos cuxos bordos non están sinalizados cunha franxa antiescorregadizo de cor contrastada.
- Hai un felpudo ancorado ao chan tras a porta.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

### **Cuarto estándar (nº202)**

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- Dispón de prato de ducha con chanzo e biombo de cristal sinalizado.
- O número dos cuartos indícase en grandes caracteres e con contraste de cor.

## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto e pode programarse como espectador.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

### Aseos Comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre", nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estanzas e servizos. Os rótulos seguen un mesmo patrón e están a unha altura media de 1,65 m. O tamaño dos caracteres é de 5 cm, non son de cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille, nin en altorrelevo.

### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Cubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcamento	Exterior	Accesible	Non dispón de plazas propias. O aparcamento público máis próximo está a uns 300 m.
Buffet de almozos e merendas	Planta -1	Accesible con ascensor	Mesas cadradas de 4 patas. Altura de mesa: <b>76 cm</b> , Altura baixo mesa: <b>67 cm</b> Ancho baixo mesa: <b>70 cm</b> , Fondo baixo mesa: <b>70 cm</b> . Altura da barra buffet alta: <b>1,30 m</b> . Altura da barra baixa: <b>85 cm</b> . Fondo da barra: <b>50 cm</b> . Non dispoñen de carta en braille.
Salón de reunións	Planta -1	Accesible con ascensor	Ancho da porta: <b>74 cm</b> cada folla Mesa cadrada Altura de mesa: <b>46 cm</b> , Altura baixo mesa: <b>38 cm</b>
Ascensor	Todas as plantas	Accesible ata a porta	Altura dos botóns de chamada: <b>1,22 m</b> . Ancho da porta: <b>80 cm</b> Ancho e fondo de cabina: <b>1 x 1,35 m</b> Altura dos botóns de mando: entre <b>1 e 1,20 m</b> Altura do pasamáns: <b>97 cm</b> Espello fronte á porta: <b>Si</b> Chan de textura e cor distinta fronte á porta: <b>Non</b> Cabina con sinais sonoras: <b>Non</b> Botóns con números en altorrelevo: <b>Si</b> Botóns con números en braille: <b>Si</b> Botóns de cor contrastada: <b>Non</b> Cabina con sinais visuais: <b>Si</b> Botón de emerxencia con un avisador luminoso que confirme o rexistro da chamada: <b>Non</b>
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: <b>interior</b> chan de textura e cor distinta en inicio e final: <b>Non</b> Altura dos chanzos: <b>28 cm</b>

			Fondo da pegada: <b>20 cm</b> Con tabica: <b>Si</b> . Con bocel: <b>No</b> Zócalo de protección lateral: <b>Si</b> Altura de Pasamáns : <b>91 cm</b> , a un lado Oco baixo a escaleira protexido: <b>Si</b>
--	--	--	---